

Os grupos políticos de Redondela por fin terán que dar conta de onde gastan os cartos que perciben do Concello

As asignacións económicas que perciben os grupos políticos municipais non poderán destinarse a financiar aos seus partidos políticos.

O pleno aproba un regulamento dos máis completos e avanzados no Estado Español en canto a transparencia das dotacións económicas que perciben os grupos políticos.

O PSOE, o BNG e o concelleiro non adscrito negáronse a apoiar este importante avance democrático.

A Agrupación de Electores de Redondela (AER) celebra a aprobación deste novo regulamento polo que leva moitos anos loitando. Despois da nosa experiencia no primeiro mandato, a Agrupación propúxose varios obxectivos:

- 1) Reducir a contía das dotacións económicas destinadas aos grupos políticos municipais.
- 2) Reducir as enormes diferenzas entre os grupos con maior e menor representación.
- 3) Establecer un regulamento para o gasto desas axudas.

Os dous primeiros obxectivos conseguíronse no pleno de organización do actual mandato. En canto ao regulamento, xa en febreiro do 2015 AER presentou unha moción, aprobada por unanimidade, para que se establecera este regulamento; pero pasaron os meses e os anos e ningún grupo político do pleno, agás AER, quixo avanzar para redactalo. Para a aprobación dos orzamentos do 2018, AER logrou que o PP aceptara facer este regulamento, totalmente supervisado polos servizos xurídicos do Concello, e incluír nas bases de execución do orzamento que os grupos políticos presentaran a súa contabilidade do 2018.

“Grupos políticos municipais” vs “partidos políticos”.

Unha cousa é a Agrupación de Electores de Redondela, como organización política formada por dúas de membros, e outra cousa é o Grupo Político Municipal AER que se compón de 4 concelleiros. Do mesmo xeito, unha cousa son os Partidos Políticos e outra cousa son os seus correspondentes Grupos Políticos constituídos no Concello e formados unicamente polos seus concelleir@s electos que forman parte da Corporación municipal. As asignacións económicas danse aos Grupos Municipais como subvención, e como toda subvención, os cartos recibidos polas mesmas teñen que destinarse á finalidade para a

que esta se outorga. No caso destas asignacións, a finalidade é cubrir as necesidades e gastos derivados do funcionamento de ditos grupos, e non cubrir os gastos dos seus partidos políticos.

Aínda que a lei obriga a cada Grupo Político a levar unha contabilidade á parte para estas asignacións, así como entran os cartos na conta do Grupo Político, a non existencia dun regulamento ben definido podía levar á picaresca de desviar os cartos á conta do partido ou agrupación sen ningún tipo de problema. É legal si, pero a AER non lle parece eticamente aceptable. De aí a necesidade dun regulamento.

Os grupos políticos deberán devolver ao Concello os cartos que non gasten.

Outro dos logros deste regulamento é que os grupos políticos municipais deberán xustificar ano a ano todos os gastos que realicen, e ao final de cada mandato, obrigatoriamente teñen que devolver os cartos que non gastaron. Outro aspecto importante da nova normativa é que estas asignacións económicas non poderán servir para pagar o alugueiro dos locais necesarios para o traballo diario dos concelleiros do grupo político municipal se o Concello, tal como sucede agora, pon a disposición dos grupos políticos un local na casa do Concello. O pago das sedes permanentes dos partidos políticos nunca foi un gasto subvencionable posible con estas asignacións económicas.



AER denuncia que o convenio da residencia de maiores de Cesantes proposto polo goberno de Javier Bas é prexudicial para os intereses de Redondela

A Secretaría e a Intervención do Concello sinalan que “non sería equitativo que só o Concello onde radica o Centro de Día teña que sufragar parte do seu mantemento”.

O Convenio proposto polo Consorcio e asumido polo Alcalde (de xeito opaco, sen informar aos grupos da oposición) obrigaría ao Concello a pagar 1.500 €/mes por cada praza de titularidade municipal en Redondela.

Das 21 prazas que conta o Centro para residentes maiores, 10 estarían reservadas para veciños de Redondela, polas que o Concello tería que pagar. Paradoxicamente, os residentes doutros concellos serían integramente subvencionados pola Xunta.

A Agrupación de Electores de Redondela (AER) está en contra do convenio que o goberno local propuña asinar co Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, dependente da Xunta de Galicia, para o cofinanciamento da Residencia de Maiores de Cesantes. A Xunta, unha vez máis quere obrigar ao Concello de Redondela a sufragar o que son competencias municipais impropias. A atención das necesidades dos maiores é unha competencia autonómica e o 100% do custe debe ser asumido pola Xunta, e non comprometer gran parte dos escasos recursos que o Concello ten para Servizos Sociais.

Demoleedor informe conxunto de Secretaría e Intervención Municipal.

O 31 de outubro de 2016 dende Secretaría e Intervención do Concello de Redondela emitíuse un informe (que a día de hoxe segue vixente) en relación a este convenio que non deixa moito lugar á interpretación. No punto 6 deste documento, os máximos responsables xurídicos do Concello apuntan que “...sería preciso que se implicaran nos custes da súa xestión outras administracións que ostenten dito carácter supramunicipal. Tampouco nada se recolle en respecto a se os Concellos limítrofes tamén participarán na sufragación do mantemento do Centro. De non ser así, non sería equitativo que só o Concello onde radica o Centro de Día teña que sufragar parte do seu mantemento.” Ou sexa, corresponderíalle á Xunta de Galicia, ou mesmo á Deputación provincial, asumir estes custes. Co convenio que Javier Bas pretendía aprobar obrigárase ao Concello de Redondela a

pagar 49,58€ por cada día e residente empadroado en Redondela, o que serían 1.500 euros por usuario ao mes, e 18.000 euros por persoa ao ano (180.000 € ao ano das arcas municipais para os 10 posibles usuarios). Das 21 prazas para residentes coas que conta o Centro, só 10 estarían reservadas para empadroados en Redondela. Quere dicir que como mínimo 11 poderían ser doutros municipios sen que os seus Concellos aportasen nin un só euro, sendo sufragados eses gastos pola propia xunta de Galicia. Javier Bas neste punto parece que defende máis os intereses da Xunta do Partido Popular que os intereses do Concello de Redondela.

A Xunta sempre gaña.

Unha das cláusulas máis sensibles da proposta de convenio levada a pleno polo goberno local consiste en que o Concello de Redondela estaría obrigado si ou si a pagar polas 10 prazas reservadas, estean ocupadas ou non. Así, no caso de que as prazas non estean ocupadas, o Concello tería que abonar o 40% do seu custe.

A Residencia xa funciona na actualidade isen convenio asinado!

A Residencia de Cesantes xa leva un par de anos funcionando como Centro de Día polo que o Concello de Redondela paga á Xunta 2.500 euros ao ano por cada usuario empadroado en Redondela en base a un convenio aprobado no Pleno de decembro de 2016 cos votos a favor do PP, co beneplácito do BNG, cos votos en contra de AER e PSOE e a abstención da concelleira non adscrita.

Sorprendentemente na actualidade no Centro de Cesantes hai 15 prazas de residentes ocupadas do total de 21, polo que semella que polo menos 5 das prazas das que ían estar reservadas para Redondela xa están ocupadas. Esta situación xerou importantes dúbidas durante o pleno acerca das xestións que o goberno local está realmente levando a cabo con respecto a este centro de día. En definitiva, preguntámonos: como vai o consorcio a asignar estas prazas con usuarios derivados de servizos sociais se xa están actualmente ocupadas? Quen está a pagar esas prazas? En conclusión, non había convenio asinado entre a Xunta e o Concello para a financiación das prazas de residencia do Centro de Cesantes pero, en cambio, xa hai residentes ocupándoas.

Nin Regulamento nin Ordenanza municipal.

Pretendíase dende o goberno local aprobar un convenio desta índole sen cumprir cos requirimentos normativos previos: non existe o Regulamento que estableza o procedemento e as condicións de acceso ás prazas residenciais municipais e tampouco a Ordenanza que regule o prezo público para a prestación do servizo e a súa exacción. Debe advertirse que para poñer en marcha o servizo de atención residencial respecto das prazas de titularidade do Concello, é indispensable a existencia destas normativas. Mentres que non se aproben, o Concello estará sufragando unhas prazas que non poderán ser ocupadas por veciños de Redondela. O goberno local pretendía irresponsablemente "construír a casa polo tellado". AER xa preguntou por estas normas no pleno de xullo de 2018 e a resposta do Goberno era que estaba traballando neles.


Oito meses máis tarde, os grupos da oposición non recibiron proposta algunha ao respecto.

O requisito do empadramento, posible problema xurídico.

En opinión de AER, non se pode poñer o requisito do empadramento xa que na normativa da Xunta fálase de que terán dereito as prazas nos centros de residencia veciños de "calquera" parte de Galicia. Se se inclúe o requisito de empadramento no regulamento pode acontecer que no seu día un veciño doutro concello denuncie que non lle outorgan unha praza (por estar reservada e libre, ou porque a ocupa outra persoa que ten menos dependencia ca el) e entón podería haber resolución xudicial en contra do regulamento de Redondela.

Curiosamente, a inseguridade práctica pode vir polo outro lado. No caso de que se consiga desenvolver unha Ordenanza Municipal que sexa quen de recoller que un número de prazas estiveran reservadas para veciños de Redondela, o propio informe de Secretaría sinala que "...o criterio do empadramento pode ser tamén problemático xa que se debería establecer algún tipo de "salvagarda" en canto a que por exemplo non se conten os empadramentos feitos na mesma dirección do Centro de Día que, probablemente, teñan a súa residencia real fora do municipio pero que poderían empadroarse por razóns de tipo "práctico" se pasan a maior parte do tempo no Centro."

A este respecto dende o goberno local afirmouse ata o último momento que serían prazas para empadramentos, para recuar no pleno e corrixiarse indicando que finalmente serían para usuarios derivados dos servizos sociais municipais.



Aprobada no pleno a moción de AER para combater o “feísmo” arquitectónico con murais artísticos

A Agrupación lémbrale ao goberno local que esta é unha iniciativa que foi proposta a AER pola veciñanza xa en 2017, que AER canalizouna en forma de moción e da que o goberno local ten constancia dela xa dende o mes de outubro.

A proposta foi apoiada por tódolos grupos no último Pleno Municipal e agora correspóndelle ao goberno local executala.

AER aproveitou para denunciar a falta de transparencia do goberno local que, tras afirmar que está traballando neste tema, debería ter informado á oposición, especialmente cando AER presentou esta moción xa en outubro de 2018.

No Pleno Municipal celebrado o pasado xoves 7 de febreiro aprobouse por unanimidade a moción elaborada pola Agrupación de Electores de Redondela (AER) para instar ao goberno local a implantar un programa de murais artísticos (graffitis) que sirva para combater o feísmo arquitectónico, que non para “esconder” os incumprimentos urbanísticos de obras sen rematar, como se chegou mesmo a suxerir no transcurso do pleno. Segundo o aprobado, o goberno local deberá aportar a financiación e involucrar aos propietarios públicos ou privados das edificacións e infraestruturas candidatas a posibles intervencións artísticas.

Iniciativa da veciñanza.

A verdadeira iniciativa desta moción veu da veciñanza, tanto de veciños da zona da Picota onde hai diversos muros de formigón antiestéticos como da Asociación de Veciños de Chapelá, que xa en agosto de 2017 solicitou un concurso de graffitis para loitar contra as pintadas (non artísticas) que sufría o casco urbano chapelano. AER recolleu esa iniciativas veciñais para darlle corpo político. Dende agosto de 2017 AER traballou nesa moción que finalmente se rexistrou en outubro de 2018. Quedoulle claro ao goberno local que AER non improvisa as súas mocións e non fai política oportunista.

Goberno de Bas que se colga medallas.

Antes do pleno, e unha vez que a moción de AER xa estaba presentada dende outubro, o Partido Popular de Redondela acusou a AER de

“intentar de apropiarse desta idea na que o goberno local xa están traballando dende meses”. Se isto que din é certo, quen trata de outorgarse méritos políticos aproveitando as demandas da veciñanza e dunha moción doutro grupo político, para variar, é o goberno de Javier Bas.

Neste senso a Agrupación respondeulle ao goberno local que se realmente están traballando no senso indicado na moción dende outubro, o que demostran unha vez máis é unha total falta de transparencia á hora de poñer en coñecemento dos demais grupos políticos dos proxectos municipais. AER pola contra fai propostas con tempo, argumentadas e buscando o consenso de tódolos grupos políticos para que este tipo de iniciativas teñan o maior respaldo político e social. Pola contra, o Partido Popular prefire calar a boca durante meses e “esconder” os seus proxectos nun afán ocultista inexplicable.

Dende a Agrupación de Electores tamén se aproveitou para agradecer finalmente o apoio de tódolos grupos políticos a esta proposta, que responde fundamentalmente a unha demanda e inquietude veciñal.



Autor: POWONE

 facebook.com/AERedondela

 www.instagram.com/aer_redondela/

 twitter.com/AER_Redondela

Asembleas abertas tódolos mércores ás 20'00h no Multiusos Xunqueira

Correo electrónico: info@aeredondela.com

www.aeredondela.com

**BOLETIN Nº54
18 MARZO 2019**